

Ana Zabalza Seguíñ (dir.)

*De Engracia a Garazi. El misterio de los nombres en Navarra
(Engraxitik Garazira. Izenen misterioa Nafarroan)*

Zizur Txikia: Aranzadi. 2018. 294 pp.

Recensión de Paulo Martínez Lema

ÉPOR iniciativa da Cátedra de Lingua e Cultura Vasca da Universidade de Navarra que veu a lume esta colectánea focada, como o seu título denota, no estudo da antroponimia e da oiconimia en Navarra, vista desde as diferentes ópticas e atalaias encarnadas por cada un dos autores participantes.

O volume organízase en dúas partes tematicamente ben definidas. Mentres que a primeira delas, a máis estensa en número de contributos, está voltada para a antroponimia propiamente dita (a través das diferentes vertentes que este ámbito pode mostrar, e cunha atención moi especial para as súas implicacións no estudo socio-económico de determinadas áreas xeográficas e / ou períodos históricos), a segunda, composta por un único traballo, fócase especificamente na oiconimia, é dicir, nos nomes das casas, un elemento imprescindíbel para comprendermos a fisionomía cultural dunha boa parte do actual territorio navarro. Neste sentido, o lector galego poderá detectar non poucas similitudes co caso do noso país, no cal a casa, en tanto que institución, asumiu historicamente a función de pedra basilar na estruturación quer socio-cultural quer territorial da Galicia rural, embora isto non se teña traducido nun maior e máis sistemático estudo da nosa oiconimia.

O primeiro contributo, asinado por Demetrio Castro, da Universidad Pública de Navarra, leva por título “*Ya no nos llamamos con aquellos nombres. Persistencia y transformación antroponímica*”. Nel, con rigor, concisión e precisión terminolóxica certamente eloxiábeis, o autor desenvolve unha completa síntese acerca de diferentes cuestións relacionadas coa variación diacrónica da onomástica persoal e dos seus repertorios, elementos condicionados por unhas circunstancias a miúdo específicas dun período histórico, comunidade cultural e / ou grupo social concretos. Son precisamente aspectos coma estes os que xustificarían, en opinión do autor, unha explotación maior da Antroponimia por parte de disciplinas como a Socioloxía. Xa na segunda parte do traballo, o autor debrúzase con algunha exhaustividade sobre o modelo antroponímico tradicional, “el vigente en gran parte de Europa Occidental y por tanto en España desde la Baja Edad Media hasta el afianzamiento de los procesos de modernización”. As características dese modelo sonnos coñecidas, e afunden as súas raíces no proceso de progresiva cristianización do continente europeo, que levou a unha identificación entre o procedemento de asignación do nome propio e o ritual do bautismo. Ao mesmo tempo, a innegábel hexemonía adquirida neses séculos

alto-medievais pola Igrexa católica explica a propagación e consolidación (nunca plenamente completada e regularizada até o período pos-tridentino) dun nomenclátor de natureza haxionímica. Ao se tratar este dun elenco pechado e limitado, os índices de homonimia tornáronse moi elevados, feito para o cal contribuíu, aliás, a configuración duns patrimonios onomásticos intrafamiliares que factores como os enlaces matrimoniais mal conseguían alterar. Varios e ben coñecidos foron os mecanismos implementados de maneira a paliar os efectos desa homonimia, tales como a creación de hipocóristicos ou a aplicación de diferentes tipos de sobrenomes, que viñeron a converter a miúdo nos elementos antroponímicos de uso real e efectivo na comunidade. Neste contexto de grande estabilidade, Demetrio Castro chama a atención para aquela que constituíu, xa no século XVII, a principal alteración na estrutura deste modelo antroponímico: a introdución de nomes adicionais que conduciron á aparición de secuencias onomásticas complexas, cun uso, cómpre notar, restrito na maior parte dos casos aos ámbitos rituais e oficiais. Aínda que o elenco vigorante desde a Idade Media se viu enriquecido pola introdución de itens novos (decorrentes, por exemplo, da propagación de novas devocións marianas), a incidencia destas novas prácticas, en termos de redución das taxas de hominimia, resultou máis ben escaso. De feito, como apunta o autor, os inquéritos promovidos na área da Coroa de Castela no século XVIII (o Catastro de Ensenada) patentean a inabalábel rixidez dunha pauta xeral herdada dos séculos anteriores e extensíbel, en tese, ao conxunto da Europa católica. Só no século XIX comeza a observarse, de xeito paralelo ao proceso de modernización da sociedade occidental (e condicionada en boa medida por el), unha proliferación de nomes exóticos que, para alén de propiciar unha progresiva diversificación dos usos onomásticos e, en consecuencia, unha sensíbel redución das taxas de homonimia, denota a incidencia directa de factores estéticos na asignación de nomes de persoa. Esta nova realidade vai ao encontro do impacto social cada vez maior da moda, entendida en termos sociolóxicos como “[aque] recurso simbólico para la delimitación de estratos sociales”. Así sendo, a irradiación de nomes persoais adopta, de xeito máis acentuado que en períodos históricos precedentes, un sentido eminentemente vertical, mais tamén se observan, sobre todo a partir do século XX, uns períodos de transición cada vez máis breves entre a difusión e o asentamento de novos antroponimos e a súa substitución por outros. Os exemplos que o autor extrae da realidade francesa, por sinal o ámbito en que o estudo deste tipo de interaccións entre antroponimia e dinámicas sociais veu a gozar dun maior desenvolvemento, axudan a unha mellor comprensión dos mecanismos envolvidos nesta nova situación, marcada, en xeral, por unhas marxes de autonomía e de capacidade de decisión na escolla do nome persoal nunca antes coñecidas no noso ámbito cultural máis próximo.

Após a visión panorámica ofrecida por Demetrio Castro, o profesor Mikel Gor-

rotxategi, membro de Euskaltzaindia e de traxectoria ben (re)coñecida neste ámbito, debrúzase, no capítulo titulado “Historia de los nombres de pila de Navarra”, sobre a evolución da antroponimia nun territorio cunhas condicións lingüísticas e culturais tan particulares como é Navarra, con especial atención para a área euscalduna. En xeral, no conxunto de Euskal Herria, a poboación de lingua vasca viviu historicamente unha situación de dualidade, cun nome persoal oficial expresado nalgunha das linguas da administración (latín, castelán, francés, gascón...) e un outro nome en éuscaro usado no ámbito coloquial e familiar. Como salienta o autor, moitos deses nomes eusquéricos, na secuencia do proceso de regularización do sistema onomástico, viñeron a desaparecer, ficaron reducidos a fósiles toponímicos ou só deron pervivido a xeito de hipocorísticos. Neste contexto, a publicación do *Egutegi Bizkattara* (1897) por parte de Sabino Arana suporá a primeira pedra na articulación e implementación dun programa onomástico puramente euscaldún. Após a autorización deste nomenclátor por parte de Igrexa católica en 1904, o repertorio nel contido comezou a coñecer unha progresiva expansión que, se se encontraba loxicamente circunscrita nos seus inicios ao movemento nacionalista nucleado en torno do PNV, acabou por experimentar unha notábel aceleración nas provincias da actual Comunidade Autónoma Vasca logo no comezo da Guerra Civil. O triunfo do alzamento franquista, como esperábel, traerá consigo unha abrupta interrupción do proceso, ao acarretar a represión e a prohibición explícita (até con carácter retroactivo) de calquera nome persoal en éuscaro (contrarios á idea nacional-católica da “unidade da Patria”), resalvando apenas aqueles xinecónimos decorrentes de advocacións marianas como *Itziar*, *Begoña* etc. Só a partir de 1966, coa publicación do *Nomenclátor Euskérico de Nombres de Pila* por parte de Aingeru Irigarai, poderá falarse dunha lenta reactivación da onomástica eusquérica, para a cal moito contribuirá a versión aumentada desa mesma obra publicada en 1972 por José María Satrustegi, que aínda viría a coñecer varias edicións até a definitiva de 2003 (a primeira, por sinal, a incluír informacións sobre a orixe o significado dos diferentes nomes contidos neste nomenclátor). Para alén destes precedentes xerais, comúns aos diferentes territorios da Euskal Herria peninsular (mais cunha especial incidencia no actual Euskadi, por tratarse da área na cal o nacionalismo e, canda el, o impulso e a reivindicación da cultura euscalduna coñeceron un desenvolvemento e implantación maiores), o profesor Gorrotxategi detense na situación particular e específica da onomástica navarra actual. As principais liñas que a definen permiten falar dunha mudanza radical, en moitos sentidos, a respecto da situación descrita para os anos inmediatamente anteriores á ditadura. Destarte, obsérvase o declinio dos nomes compostos (só con excepcións moi concretas e marcadas como *Francisco Javier* ou *Jon Ander*), se ben non resulta invulgar a aparición de nomes duplos que, a xeito de integración, visan recoller en simultáneo a tradición onomás-

tica paterna e aquela tida por puramente vasca. Por outro lado, e malia algunhas resalvas e matices que poderían ser aducidos, resulta claro o éxito dos nomes persoais en éuscaro, que non só se normalizan e se consagran entre os máis utilizados naquela comunidade, senón que inclusive se converten en obxecto de exportación a outras áreas do estado. O afastamento da tradición cristiá ou a preferencia por nomes breves e, sempre que posíbel, únicos ou pouco repetidos, constitúen tamén aspectos a ter en conta na definición desta panorámica xeral da onomástica navarra dos nosos días.

En “El legado del mundo clásico en la onomástica navarra”, José Luis Ramírez Sádaba, un dos principais expertos na materia en cuestión, aproxímase á relevancia e grao de pervivencia do repertorio onomástico dito “clásico” na antroponimia de Navarra. Para iso, delimita o propio concepto de “tradición clásica”, incluíndo nela aqueles nomes de extracción greco-latina (ou asimilados, por razóns históricas e culturais, a esa categoría), hebrea e / ou cristiá, e diferenciándoos dos nomes vasco-navarros ou “vasconizados” (é dicir, aqueles antropónimos clásicos traducidos ou adaptados ao éuscaro). Embora útil e operativa para un estudo destas características, detectamos nesta proposta (ou, mellor dicindo, na súa aplicación práctica) algunhas adscripcións que, ao noso xuízo, resultan contraditorias ou discutíbeis: por exemplo, non entendemos por que *Amaia* fica de fóra do elenco de nomes vascos por causa da súa coñecida orixe literaria, mentres outros como *Aitor* (cuñado, ao que parece, polo escritor xiberotarra Agosti Xaho) aparecen incluídos nese repertorio con todas as consecuencias. Para alén destes pormenores técnicos, o estudo do profesor Ramírez Sádaba trae á tona algunhas conclusións relativas ás transformacións da onomástica navarra recente que xa foron postas en destaque noutros contributos desta mesma colectánea: por exemplo, a preferencia actual por nomes simples e a introdución masiva de antropónimos vascos ou (conforme á categorización implementada polo propio autor) “vasconizados”, que non exclúe, en calquera caso, unha pervivencia aínda significativa de nomes da tradición dita “clásica”. Xa canto aos apelidos decorrentes deses nomes clásicos, Ramírez Sádaba detense sobre unha serie de itens que patentean a coexistencia de formas puramente romances (como *Sánchez* ou *Pérez*) a par doutras que transparecen un tratamento dos nomes conforme a pautas propias do éuscaro (como *Ansorena* ou *Perurena*), chegando, nalgúns casos, a identificarse nun mesmo nome unha superposición dos diferentes tratamentos, como observamos no coñecido exemplo de *Énneco / Iñaki / Ignacio*, ao cal o autor outorga unha especial atención.

Dous dos contributos do volume fócense nunha cuestión que, a pesar do seu impacto histórico no territorio obxecto de estudo, aínda non tiña sido analizada co pormenor e o vagar necesarios. Trátase da migración de importantes continxentes populacionais (esencialmente vascófonos) que, procedentes das áreas ultrapirenaicas do antigo reino de Navarra (é dicir, da Baixa Navarra, tamén coñecida en épocas

pretéritas como *Sexta Merindad*, *Tierra de Ultrapuertos* ou *Tierra de Vascos*), acabaron por se asentarse, entre os séculos XIV e XVII, nas rexións centro-meridionais do reino. No capítulo titulado “La huella bajonavarra. La utilización de los apellidos toponímicos como indicador del origen geográfico en los siglos XIV-XVII”, Pero J. Monteano Sorbet, do Nafarroako Errege Artxibo Nagusia, explota as posibilidades que neste sentido ofrece o estudo da antroponimia e, nomeadamente, dos apelidos detoponímicos, en tanto que indicadores de procedencia xeográfica. É para iso que recorre a fontes representativas de épocas e períodos distintos que non só patentean a innegábel repercusión deses deslocamentos norte > sur no tecido social e demográfico da Alta Navarra, senón tamén a súa evolución no tocante á condición socio-económica daquelas persoas e / ou grupos que os protagonizaron. Por exemplo, na corte do monarca Carlos III (1361-1425), sediada en Olite, cerca de dous terzos do persoal administrativo porta apelidos toponímicos que delatan a súa orixe baixo-navarra, nunha situación que terá continuidade no establecemento de elementos nobiliárquicos ultrapirenaicos na Alta Navarra logo a seguir á anexión deste territorio á Coroa de Castela en 1512. No entanto, a documentación quíñentista utilizada polo autor apunta xa para unha mudanza significativa, pois, para alén de se observar unha intensificación do fenómeno en termos cuantitativos (vindo a atinxir o seu cénit entre 1590 e 1660, aproximadamente), a extracción social dos migrantes é máis baixa, centrándose as súas ocupacións profesionais en ámbitos como o pastoreo ou a labranza. O estudo complétase cunha rápida mais esclarecedora ollada aos datos do INE correspondentes ao ano 2015, nos cales se comproba como aínda na actualidade son varios os apelidos portados por persoas da Comunidade Foral de Navarra que entroncan, de xeito máis ou menos seguro ou explícito, coa toponimia baixo-navarra, mais tamén con outras áreas da Euskal Herria continental (como por exemplo *Sola*, un dos apelidos navarros máis frecuentes, que remite para o corónimo *Soule*, forma francesa para Zuberoa). Estamos, por tanto, perante un magnífico exemplo da potencialidade que ofrece o estudo da xénese e a difusión dunha parcela antroponímica concreta (a dos apelidos detoponímicos) para o coñecemento máis ou menos exhaustivo dunha realidade social e poboacional determinada.

Nunha liña similar, embora cun maior grao de profundidade, encóntrase o contributo da directora da colectánea, Ana Zabalza Seguín (Universidade de Navarra), co título “*Por no pertenecerles el apellido. La formación de los apellidos en la Navarra moderna*”. A autora parte dunha hipótese xa avalada nalgúns dos capítulos anteriores (o feito de a Idade Moderna constituír o pano de fondo sobre o cal irá cristalizando, aos poucos, o sistema onomástico tal e como hoxe o coñecemos) e leva a cabo un labor de prospección no proceso formativo dos apelidos navarros, non sen antes lembrar a especificidade que Navarra ofrece neste sentido aínda na actualidade, so-

bre todo cando confrontada coa situación do resto do estado (maior diversidade e atomización dos apelidos persoais, significativa presenza de apelidos exclusivamente navarros, maior proporción daqueles apelidos de orixe toponímica etc.). É con esa intención que Ana Zabalza recorre a un excepcional documento datado en 1553: o recenseamento das 110 cabezas de familia de Urroz-Villa, localidade moi representativa dunha área de transición (económica, paisaxística etc.) non só entre a Navarra setentrional e a meridional, senón tamén, e de xeito moi especial, entre a Navarra occidental e mais a oriental. A autora analiza as secuencias onomásticas contidas nesa listaxe, establece unha categorización dos apelidos que nelas aparecen e analiza diversas implicacións sociais, xeográficas e históricas que se desprenden daqueles. Canto a isto, importa notar, por exemplo, a clara preponderancia numérica dos apelidos de tipo toponímico (que axudan a determinar con grande exactitude a(s) procedencia(s) dunha elevada porcentaxe dos veciños de Urroz-Villa), dato que non só patentea a relevancia da terra como factor identificador primario, senón que contribúe ademais, de xeito colateral, para explicar a escasa rendibilidade dos oicónimos en tanto que elementos de identificación persoal. No entanto, non deixan de ser analizados con gran precisión e perspicacia outros aspectos relativos ás restantes categorías onomásticas representadas no corpus, como a presenza de algúns antropónimos utilizados como apelidos (moi probablemente, como a propia autora insinúa, con valor patronímico), de apelidos baseados en nomes de profesión (valiosos, ademais, pola información socio-económica que portan) etc. Todo isto, en última análise, axuda a reconstruír unha visión de conxunto dun sistema onomástico que, embora asimilábel en non poucos puntos a aquel que acabou por prevalecer en épocas máis próximas a nós, aparece perante os nosos ollos en plena fase de cristalización. A seguir, Ana Zabalza debrúzase con pormenor sobre a información que, quer directa quer indirectamente, fornecen as fontes en cuestión acerca do asentamento e progresiva asimilación (eventualmente culminada coa súa conversión en “cabezas de familia”) de persoas de orixe baixo-navarra e suletina como consecuencia dun fenómeno migratorio que, como sinalaba Pero J. Monteano no artigo anterior, coñeceu un especial impulso logo na secuencia da conquista castelá e a división do vello reino navarro, véndose favorecido aínda por factores como a comunidade lingüística e (até 1583) relixiosa existente entre ambas as vertentes dos Pirineos. De feito, é interesante comprobarmos como a relación de bens efectuada en 1612 espella, para alén dun declinio demográfico xeneralizado, o estancamento das achegas populacionais provenientes dos vales veciños a Urroz-Villa (reencamiñadas en boa medida cara a Iruñea / Pamplona), en contraste co incremento de apelidos detoponímicos transpirenaicos. A situación semella mudar radicalmente nunha relación algo posterior, con data de 1628, na cal a afluencia de continxentes baixo-navarros parece interromperse de vez, na secuencia dunha serie de

circunstancias que a autora analiza debidamente e que, como esperábel, teñen a ver coa incardinación das “dúas Navarras” en espazos políticos non só diferentes, senón ademais rivais. Paralelamente a este colapso dos antigos fluxos migratorios, o sistema de formación de apelidos parece ficar consolidado, perdendo os apelidos detopónimos a súa denotación xeográfica inicial para se transformaren en “piezas identificadoras de la relación de filiación”, natureza que, en esencia, manteñen na actualidade.

Pechando esta primeira sección, Andoni Esparza, da Universidad Española de Educación a Distancia (UNED), ofrece no seu traballo “Antroponimia y heráldica” unha aproximación de marcado carácter didáctico ao elemento que mellor representa a intersección entre os dous ámbitos de estudos mencionados no título: as chamadas “armas parlantes”, é dicir, aqueles brasóns consistentes nunha representación visual dunha denominación familiar. Cómpre insistir, como fai o autor, no feito de que a heráldica é privativa dos grupos familiares, non dos apelidos (aspecto que nin sempre é tido en liña de conta), ilustrando esta circunstancia con varios exemplos procedentes de diversas áreas xeográficas e culturais, e até de fontes literarias. Para o caso concreto de Navarra, Andoni Esparza salienta a escaseza de armas parlantes, explicábel pola opacidade semántica dunha importante cantidade de apelidos familiares, ben como a relativa frecuencia de etimoloxías *ad hoc* para os apelidos que esas fórmulas iconográficas visan representar. O capítulo encérrase coa análise semántica e histórica dun escudo singular, o do desaparecido convento das Carmelitas Descalzas da localidade de Lesaka.

A obra péchase con aquela que é a única achega especificamente dedicada á oiconomía (ben como o único traballo desta colectánea redixido en éuscaro). O capítulo, intitulado “Euskal oikonimia Baztan-Bidasoa eremuko lekukotasun historiken argitan”, vén asinado por Andrés Íñigo e Paskual Rekalde (ambos os dous membros de Euskaltzaindia) e consiste, en tese, nun exhaustivo levantamento e clasificación morfolóxica dos nomes de casa presentes nas diferentes localidades que compoñen a comarca do Baztan-Bidasoa, no noroeste de Navarra. Na estrutura deste traballo identificamos, como corresponde a un texto destas características, un apartado inicial no cal se informa do estado da cuestión, da relevancia socio-cultural da casa no contexto euscaldún (definida como “oinarrizko erakundea”, quer dicir, “institución básica”), dos contributos previos realizados por outros autores e daquelas fontes (algunhas delas inéditas até agora) exploradas para a realización da pesquisa, entre as cales salientan, polo seu valor histórico, as *Valuaciones de bienes* realizadas en 1612 e 1628. De feito, é o manexo destas fontes que permitiu aos autores acceder a formas antigas dos oicónimos colectados, as cales aparecen debidamente recollidas e organizadas no anexo que compón a segunda parte deste capítulo. O texto complétase aínda cunha serie de fotografías de varias das casas mencionadas ao longo do texto, de

maneira a conferirmos o seu estado actual. Escusamos dicir que a pauta representada por este contributo resultaría facilmente aplicábel a Galicia, un país onde, malia a importancia da institución “casa” (non menor, de certeza, ca aquela de que goza na Navarra vascófona), este tipo de traballos non coñeceron aínda o desenvolvemento que sería desexábel.

Estamos, en fin, perante unha obra na cal a antroponimia (en tanto que disciplina na cal converxen diversas áreas de coñecemento) aparece abordada desde unha multiplicidade de perspectivas, que van da panorámica global e da aproximación teórica á explotación específica dos datos onomásticos na realización de estudos históricos ou culturais de grande interese e calado.